

Vocabulario temático

Os sentimentos e a personalidade

Bagdad, 21 de marzo de 2004

Ola Bernal:

Escriboche desde as incertas tebras deste lugar onde agora me atopo, desconcertada e asustada, coa angustia comprimíndome a gorxa coma se fose unha laxe ardente. Escriboche porque así mo indicaron, facéndome saber que sería bo que che pedise axuda a ti, que es o meu home, a persoa que máis pode desexar unha resolución feliz deste arrepianste pesadelo que estou a vivir. Teñen razón: esta carta abre para min unha fenda de esperanza, tráeme a única luz que pode achegar claridade neste espazo inhóspito, descoñecido e difícil onde transcorren os meus días (...)

Non sei como comezar porque me atopo moi aturdida e abraçada, sobre todo abraçada de que todo isto me estea sucedendo a min, que aínda dubido de se estarei a vivir un soño do que poida despertar en calquera momento, o peor dos pesadelos posibles.



Fran ALONSO. *Cartas de amor*, (2006).

1. No texto anterior alguén amosa o seu estado de ánimo. Subliña palabras ou expresións que fagan referencia a el.

2. Busca na Internet imaxes que ilustren o que indican estes adxectivos. Se o prefires podes debuxalos:

somnolento/a
arrubiado/a
atarefado/a
namoriscado/a
atemorizado/a

amolado/a
ledo/a
apresurado/a
aborrecido/a
riseiro/a

3. Clasifica os adxectivos seguintes segundo designen un estado de ánimo positivo ou negativo emparellando os que son antónimos:

relaxado/a
contento/a
inquedo/a
tristeiro/a
apático/a
pesimista

optimista
insatisfeito/a
nervioso/a
compracido/a
acougado/a
dinámico/a

Positivo	Negativo

4. Completa este cadro con substantivos, verbos ou adxectivos da mesma familia léxica:

Substantivo	Verbo	Adxectivo
	anoxar	
		abraiante
	enfastiar	
		noxento/a
medo		
	sorrir	
		cobizoso/a
		feiticeiro/a
ledicia		
	razoar	
		apaixonante
vinganza		
	fachendear	
teimosía		



5. Relaciona o significado destas frases feitas, usadas no rexistro coloquial, co adxectivo correspondente:

«Coma el/a viven os galos»	indeciso/a
«Non lle cocer o xenio»	informal
«Ser un augas mornas»	educado/a
«Ser lavadiño/a das falas»	fachendoso/a
«Ter moita terra na Habana»	ignorante
«Non dicir nin arre nin xo»	preguiceiro/a
«Ser aberto/a de man»	impaciente
«Ser un cabeza de amieiro»	xeneroso/a
«Ter o formigo»	inqueda/a
«Ser cabeza de vento»	apático/a

6. Sinala os adxectivos que lle acaen á personalidade da personaxe que aparece no texto:

Velaí está Lucrezia, que malia ser unha mocosa que apenas levanta un palmo do chan, xa se move coma se fose a señora de todos nós. Ten face de vella, esa cativa. A súa nai –que miña non é– afánase en traela tan emperiquitada coma unha raíña, e a nena goza con cada xoia nova que chega para o seu enxoval. Con oito anos apenas feitos, soña xa con tronos futuros, e non fai máis que preguntar unha e outra vez se xao pai pensou nalgún príncipe para desposala. Non entendo esa pequena tola, non a podo entender. Cando me aldraxa de máis coa súa lingua de serpe aínda por criar, e soben á miña boca palabras que moito merecería, ama Romola aperta a miña man e pídeme acougo sen dicir nada.

Neira CRUZ, *O armiño dorme*, Galaxia, (2003).

humilde	infantil	presumida	insolente
educada	altiva	doce	resabida

7. Busca tres adxectivos que describan a túa personalidade e comenta por que os elixiches co resto da clase.